

Concello de Mugardos
(A Coruña)

19/2021. ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 29 DE DECEMBRO DE 2021.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Mugardos, sendo as dezanove horas e trinta e cinco minutos do día 29 de decembro do ano dous mil vinte e un, previa convocatoria e citación ó efecto, réunese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero, Dna. María Dolores González Lorenzo, Dna. María Irene Toimil Fernández, D. José Ángel Martínez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández e D. Argemino Varela Filgueiras. Non asiste, con excusa, o concelleiro D. Iván Martínez González.

Actúa como secretario accidental - en ausencia do titular - o funcionario D. Diego Seijo Alonso, en virtude do nomeamento efectuado por Resolución do Director Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia de data 13.05.2014, e de acordo coa comunicación efectuada á Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia en data 15.12.2021 ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución núm. 2021-1324, de data 15.12.2021.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 15.11.2021 (17/2021) E 24.11.2021 (18/2021).

6 min 12 s: Polo sr. Alcalde dáse lectura á denominación do presente punto da orde do día e sométese a votación, en primeiro lugar, a acta da sesión realizada o día 15 de novembro de 2021.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:

- Acta da sesión extraordinaria realizada o día 15.11.2021 (17/2021).

6 min 35 s: Polo sr. Alcalde sométese a votación a acta da sesión realizada o día 24 de novembro de 2021.

E o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:





Concello de Mugardos
(A Coruña)

- Acta da sesión ordinaria realizada o día 24.11.2021 (18/2021).

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE ADOPCIÓN DE ESCUDO HERÁLDICO E BANDEIRA

6 min 44 s: Polo sr. Alcalde dáse lectura á denominación do presente punto da orde do día e de seguido dá a palabra ao concelleiro da área de facenda.

- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

6 min 50 s: Polo sr. Mahía Prados dáse lectura ao informe e proposta remitidos pola Comisión de Heráldica da Xunta de Galicia, sinalando que a citada proposta foi levada á comisión de facenda, persoal e participación cidadá. Para rematar sinala que coa proposta que se trae manteríase o escudo actual adecuando o mesmo á normativa vixente e rematándose así un trámite que se comezara fai moitos anos.

11 min 15 s: O sr. Alcalde pregunta se algún grupo quere intervir e de seguido dá a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir neste primeiro turno de intervencións.

- 1º TURNO DE INTERVENCIÓNS

11 min 26 s: O sr. Martínez Bardanca intervén para facer constar que votarán a favor da proposta, tal e como fixeran na comisión informativa, dado que se trata simplemente dun trámite para darlle oficialidade ao escudo e á bandeira que xa existen no Concello de Mugardos.

11 min 54 s: Polo sr. Alcalde, e dado que ningún outro concelleiro/a solicita a intervención no presente punto da orde do día, sométese o asunto a votación.

Tendo intención de adecuar debidamente a representación do actual brasón municipal e, ao propio tempo, dotarse dunha bandeira ou insignia municipal propia e acorde con aquel.

Vista a proposta de escudo e bandeira formulada pola Comisión de Heráldica da Xunta de Galicia, tra-la sesión realizada en data 19 de novembro de 2021.

Tendo en conta o informe-proposta emitido pola secretaría municipal en data 24.11.2021, obrante no expediente.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

E unha vez rematadas as intervencións sométese o asunto a votación, e o Pleno da Corporación, vista a proposta formulada pola alcaldía en data 25.11.2021, obrante no expediente, e visto o ditame da comisión informativa de facenda, persoal e participación cidadá realizada en data 02.12.2021, por 9 votos a favor (5 PP, 3 PSOE, 1 BNG) e 3 abstencións (3 EU-SON EN COMÚN), e polo tanto, co quórum da maioría absoluta legal dos membros da Corporación (art. 47.2 letra e.) da Lei 7/1985), acorda:

PRIMEIRO. Aprobar a proposta da Comisión de Heráldica da Xunta de Galicia.

SEGUNDO. Proceder á publicación do acordo plenario no Diario Oficial de Galicia así como no Tablón de Anuncios do Concello, por prazo dun mes, para que os interesados poidan presentar as alegacións que consideren oportunas.

3.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA NÚMS. 2021-1243 E 2021-1346.

12 min 20 s: Polo sr. Alcalde dáse conta das resolucións da alcaldía números 2021-1243 e 2021-1346.

O Pleno da Corporación dáse por informado das resolucións da alcaldía que de seguido se indican:


▪ **Resolución da alcaldía núm. 2021-1243, de 26.11.2021,** sobre “Avocación das competencias delegadas no concelleiro de facenda, persoal e participación cidadá”.

▪ **Resolución da alcaldía núm. 2021-1346, de 26.11.2021,** sobre “Nomeamento Xurado XXX edición Concurso de Pintura Bello Piñeiro – Piñeiro Pose”.

4.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLAS/OS CONCELLEIRAS/OS DELEGADAS/OS DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓNS QUE VAN DENDE A NÚM. 2021-1202 Á 2021-1354, AMBAS INCLUSIVE.

12 min 33 s: Polo sr. Alcalde dáse conta das resolucións ditadas pola Alcaldía e polas/os concelleiras/os delegadas/os dende o anterior Pleno Ordinario, resolucións que van dende a número 2021-1202 á 2021-1354, ambas inclusive.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

O Pleno da Corporación dáse por informado das resolucións núms. 2021-1202 á 2021-1354, ambas as dúas inclusive, ditadas pola alcaldía e polas/os concelleiras/os delegadas/os, dende o anterior pleno ordinario.

DECLARACIÓN DE URXENCIA:

12 min 46 s: Polo sr. Alcalde infórmase de que se quere incluír un asunto pola vía da urxencia, e de seguido dalle a palabra ao concelleiro delegado da área de obras, servizos e medioambiente.

A.- Expediente 38/2021. APROBACIÓN DO “PROXECTO DE REURBANIZACIÓN DA AVENIDA BELLO PIÑEIRO – CONCELLO DE MUGARDOS”.

13 min 03 s: Polo sr. Kuntz Peiteado xustifícase a urxencia de incluír o presente punto na orde do día, indicando que a mesma ven dada polos prazos concedidos pola Deputación Provincial da Coruña para presentar o proxecto nunha subvención nominativa

13 min 27 s: Polo sr. Alcalde, logo da xustificación efectuada polo concelleiro delegado da área de obras, servizos e medioambiente, sométese a votación a inclusión, pola vía da urxencia, do citado asunto.


Logo de efectuar a exposición dos motivos que xustifican a votación da urxencia do asunto citado, o Pleno da Corporación, **ACORDA:**

Por 9 votos a favor (5 PP, 3 PSOE, 1 BNG) e 3 abstencións (3 EU-SON EN COMÚN) e, polo tanto, co quorum esixido no artigo 57.2 do Regulamento Orgánico Municipal, declarar de urxencia o asunto: **“Expediente 38/2021. APROBACIÓN DO “PROXECTO DE REURBANIZACIÓN DA AVENIDA BELLO PIÑEIRO – CONCELLO DE MUGARDOS”**” incluído na orde do día, e tratalo antes de rogos e preguntas, como punto núm. 5.

5.- Expediente 38/2021. APROBACIÓN DO “PROXECTO DE REURBANIZACIÓN DA AVENIDA BELLO PIÑEIRO – CONCELLO DE MUGARDOS”

13 min 40 s: Polo sr. Alcalde dáse comezo ao asunto incluído na orde do día pola vía da urxencia.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

13 min 46 s: Polo sr. Kuntz Peiteado infórmase que o presente asunto ven ditaminado favorablemente da comisión informativa, e que xa en anteriores comisións informativas foran introducidas diferentes melloras polos grupos municipais de Esquerda Unida-SON En Común e PSOE, concretamente para a substitución dos maceteiros polos alcorques que viñan no proxecto. De seguido informa que o orzamento das obras ascende a un total de 96.000 euros, dos cales a Deputación sufragaría 76.800 euros e o Concello 19.200 euros.

14 min 48 s: O sr. Alcalde pregunta se algún grupo quere intervir e de seguido dá a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir neste primeiro turno de intervencións.

- 1º TURNO DE INTERVENCIÓNS

14 min 58 s: O sr. Varela Filgueiras manifesta que o seu voto será o da abstención, fundamentalmente porque non teñen claro se esta subvención xa está solicitada ou se vai a solicitar, sinalando que esas dúbidas débense a que a primeira vez que veu a Pleno o asunto, e que se retirou da orde do día porque non tiña pasado por ningunha comisión, cre lembrar que na documentación viña que a subvención estaba solicitada, e que pola contra na documentación levada á comisión extraordinaria e urxente figura que hai a intención de solicitar a subvención. Para rematar, sinala que, en caso de que se aprobe este proxecto e non se conceda a subvención, o Concello tería que facer fronte a unha obra de preto de 100.000 euros.

16 min 48 s: O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra ao sr. Martínez Bardanca.

16 min 52 s: O sr. Martínez Bardanca intervén para facer constar que votarán a favor da obra, e que eles pedirán que se fixeran unhas modificacións no proxecto, por cuestións medioambientais, dado que non querían que se retirasen 40 árbores e se substituísen por unhas macetas. De seguido di que coa modificación do proxecto habería 27 árbores e que mellorará a imaxe da rúa ao cubrirse os contenedores. Para rematar, o sr. Martínez Bardanca manifesta a súa disconformidade coa forma de traer o asunto a Pleno, isto é, traelo por urxencia e o último día do mes, e sinala que cre que as cousas se poden facer doutro xeito, traendo as cousas con máis tempo para que se poidan ver os proxectos e comprobar que estes sexan razoables e que se lles poida dar un bo uso polos veciños.

20 min 14 s: O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra ao sr. Kuntz Peiteado.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

20 min 20 s: O sr. Kuntz Peiteado quere aclararlle ao voceiro do BNG que o que se trae a Pleno é simplemente a aprobación do proxecto e que a vontade da Deputación é facelo. De seguido, e falando dende a súa condición de veciño, dille ao voceiro do PSOE que ningún veciño está en contra de árbores na Avenida pero que si están en contra desas árbores en concreto, e a continuación indica que si no proxecto figuran menos árbores é porque as distancias entre eles, nalgúns casos, é menor de 2 metros, co problema que isto ocasiona cos cables da luz, farolas e demais. Para rematar, e en canto ao retranqueo dos postes, indica que a Avenida xa conta nestes momentos coas canalizacións de soterramento de cables.

22 min 50 s: Polo sr. Alcalde pregúntase se algún grupo municipal quere solicitar a apertura dun segundo turno de intervencións, dando de seguido a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir neste segundo turno de intervencións.


- 2º TURNO DE INTERVENCIÓNS

23 min 13 s: A sra. Toimil Fernández manifesta que o voto do seu grupo vai a ser o da abstención porque non puido mirar o modificado que foi á comisión informativa dado que por motivos laborais non tivo coñecemento da convocatoria da mesma. E para rematar di que deberían de buscarse fórmulas alternativas para, a maiores de efectuar a notificación da convocatoria por medios electrónicos, se comuniquen por outros medios a convocatoria de comisións extraordinarias ou urxentes.

24 min 05 s: O sr. Alcalde di que as notificacións das convocatorias fanse conforme á normativa vixente, e que nalgunhas ocasións se puxera de manifesto que podería haber métodos alternativos, que non se quixeron asumir por algúns grupos políticos, como era a notificación por whatsapp; sinalando que en caso de efectuar a maiores as notificacións en papel duplicaríase o traballo dos empregados públicos. De seguido, o sr. Alcalde propón que se podería avisar das convocatorias extraordinarias ao grupo de voceiros, por whatsapp, e á vista da conformidade manifestada polos concelleiros/as indica que a partir de agora se encargará de comunicalo a través do citado grupo de whatsapp. E non habendo máis intervencións no presente punto da orde do día, polo sr. Alcalde sométese o asunto a votación.

Rematadas as intervencións sométese o asunto a votación, e o Pleno da Corporación, vistos os informes emitidos pola arquitecta municipal en data 27.12.2021, obrantes no expediente, e tendo en conta o ditame da comisión informativa de obras, servizos e medioambiente realizada en data 28.12.2021, por 8 votos a favor (5 PP, 3 PSOE) e 4 abstencións (3 EU-SON EN COMÚN, 1 BNG), acorda:





Concello de Mugar dos
(A Coruña)

1º.- Aprobar o proxecto das obras de “PROXECTO DE REURBANIZACIÓN DA AVENIDA BELLO PIÑEIRO-CONCELLO DE MUGARDOS”, redactado pola arquitecta, CAROLINA MARTÍNEZ VILA, en data 03.12.2021, por importe de 96.000,00 €, IVE incluído.

2º.- Que se proceda a efectuar o reformulo do proxecto de acordo co establecido no artigo 236 da LCSP.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

26 min 57 s: Polo sr. Alcalde dáse comezo á quenda de rogos e preguntas, e dado que polos/as señores/as concelleiros/as non se teñen formulado preguntas no prazo establecido polo sr. Alcalde dáse a palabra a aqueles concelleiros/as que queren formular rogos, comezando os mesmos cos rogos formulados polo sr. Martínez Bardanca.

27 min 16 s: O sr. Martínez Bardanca roga que se presente a Conta Xeral á maior brevidade posible porque é a única forma que ten a oposición de controlar o que está facendo economicamente o goberno municipal.

27 min 51 s: O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra ao sr. Fernandez Fernández.

27 min 54 s: O sr. Fernández Fernández roga que este ano novo que está a punto de comezar sexa o ano do impulso definitivo da biblioteca, que poidan coñecer uns orzamentos que a impulsen de xeito definitivo, que se licite a obra o antes posible e que se comece o antes posible.

28 min 39 s: O sr. Alcalde, con respecto ao impulso da biblioteca, di que están apurando todo o posible para ter os pregos redactados para poder facer o proxecto o antes posible, que hai consignados 65.000 euros para o proxecto e que xa están os técnicos poñendo todo en marcha para que se poida licitar o antes posible. De seguido di que o proxecto vai a poder ser revisado polos grupos por si queren facer algunha aportación, dentro do que cabe e dentro do anteprojecto anterior, e que esperan que ao final do mandato haxa unha biblioteca e que niso van a esforzarse como goberno porque é o compromiso que teñen.

E non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Alcalde deu por rematada a sesión ás dezanove horas e cincuenta e nove minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose a presente acta para constancia do acordado, e que asina o sr. Alcalde e da que eu,





Concello de Mugardos
(A Coruña)

como Secretario Xeral Accidental do Pleno Municipal, dou fe; facéndose constar que as intervencións producidas durante a celebración da sesión quedaron recollidas nun documento (audio-acta) que forma parte da acta, no que á transcrición das intervencións se refire, e que se atopa custodiado no sistema informático do Concello de Mugardos, puidendo accederse ao mesmo a través da seguinte dirección de internet:

<http://actasesionesdigital.smartis.es/mugardos/visor.aspx?id=38>

Correspondendo ao seu contido o seguinte código de integridade (SHA-256):
82d67fe721592a7b1a281c1380976f3a425508f45e23c82fb52d8d3359e33011

Vº e praxe
O ALCALDE

